

**BASES DA CONVOCATORIA DE OPOSICIÓN PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO POSTO DE PSICÓLOGO/A DO IM DE DROGODEPENDENCIA**

**I-NORMAS XERAIS**

As probas selectivas rexeranse polo previsto nestas bases e polo disposto na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 4/1988, da Función Pública de Galicia, Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, Decreto 896/1991, do 7 de xuño, regras básicas e programa mínimos a que R.D. 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se arriba o regulamento de selección de persoal e , supletoriamente , o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e demais lexislación concordante que sexa de aplicación.

**II-OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto da presente convocatoria a contratación dun/ dunha psicólogo/a , de forma temporal, mediante a modalidade contractual que proceda para cubrir o posto de traballo de psicólogo/a clínico/a do I. M. de Drogo dependencia do Concello de Monforte de Lemos, durante a vacante temporal que se poida dar no seu posto de traballo , nos seguintes supostos:

- *A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por persoal laboral fixo.*
- *A substitución transitoria dos titulares.*
- *A execución de programas de carácter temporal .*
- *O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro de un período de 12 meses.*

**Funcións:**

**Áreas de Ámbito clínico.**

- Realización de actividades clínico-asistenciais, orientadas á avaliación-diagnóstico, tanto da dependencia como de outras patoloxías psíquicas asociadas (realización da hª clínica incluíndo exploración psicolóxica, probas psicométricas, diagnóstico diferencial e estudo etiopatoxénico).
- Tratamento psicoterapéutico e intervención a nivel individual, familiar e grupal. Ademáis de consellos de saúde relacionados cos trastornos mentais asociados á dependencia de substancias.
- Seguimento da súa evolución.

Estas actividades figuran no marco das Unidades Asistenciais de Drogo dependencias descritas na orde de 7 de xullo de 1.988 da Consellería de Sanidade.

**Ámbito preventivo.**

- Participación en actividades de prevención e promoción da saúde tanto no ámbito comunitario coma de colectivos específicos.
- Captación dos mediadores das redes sociais para desempeñar funcións de promoción da saúde e

prevención.

- Analizar a problemática das persoas con prácticas de risco, elaborando estratexias dirixidas a aumentar o contacto con elas, valorando a adecuación da oferta real de tratamento á devandita problemática.
- Incrementar o nivel de coñecementos das persoas en situación de risco da comunidade sobre a enfermidade ou enfermidades correspondentes ou sobre factores de risco.
- Fomentar e promover os hábitos de saúde da poboación xeral. - Promover una mayor accesibilidad a los instrumentos preventivos.

#### **Ámbito de investigación.**

Participación en proxectos de investigación sobre os diferentes aspectos da problemática asociada ao consumo de drogas e saúde mental.

#### **Ámbito de formación.**

##### **Ensino e supervisión en:**

Cursos Universitarios de postgrao.

En áreas da personalidade, psicopatoloxía, psicoloxía anormal, avaliación clínica, psicodiagnóstico, psicoterapia (individual, familiar e de grupo), técnicas de intervención e tratamento, intervencións comunitarias, deseño de investigación.

"Practicum" da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago.

#### **Ámbito Consello e Asesoría.**

Colaboración como asesor de Institucións no deseño de plans ou programas de prevención ou tratamento.

O proceso se desenvolve baixo os puntos de vista de igualdade efectiva entre homes e mulleres, mérito, capacidade, transparencia e publicidade ( Web oficial do Concello de Monforte de Lemos, Taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos e Periódico EL Progreso).

#### **III-DURACION DO CONTRATO**

A duración do contrato terá efectos dende a data que fixe o Alcalde -Presidente na resolución que autorice a contratación e ata que finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento.

#### **IV-RETRIBUCIONS**

As retribucións serán as que se fixen nos orzamentos para o posto de psicólogo/a do I.M. de Drogo dependencia do Concello de Monforte de Lemos en caso de ser o contrato xornada completa, minorándose en caso de ser a xornada menor proporcionalmente.

#### **V-REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

Para ser admitidos á realización das probas selectivas, os aspirantes deberán posuír, no día da finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Ser español, ou nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional daqueles estados ós que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola UE e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos en que esta está definida no tratado constitutivo da UE.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter alcanzado a idade de xubilación.

c) Non padecer enfermidade nin defecto físico que lle impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ós postos de traballo obxecto da convocatoria.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas. Idéntico requisito será esixido ós nacionais dos demais estados membros da UE, no seu caso.

e) Estar en posesión do título de Psicólogo/a Clínico/a, ou estar en condicións de obtelo na data de remate de presentación de instancias.

Os anteriores requisitos deberanse cumprir con referencia ó último día de prazo de presentación das solicitudes, e manterse durante todo o proceso selectivo. Será nulo o nomeamento como funcionario de carreira dun aspirante que estea incurso en causas de incapacidade conforme á normativa vixente.

## **VI-SISTEMA DE SELECCIÓN**

O procedemento de selección será o concurso de acordo cos méritos, probas e puntuacións que a continuación se detallan:

a) Na fase de concurso valoraranse os seguintes méritos presentados polos aspirantes:

### **Experiencia :**

- Por ano de experiencia como psicólogo/a prestando asistencia a drogo dependentes na Administración Local 0,50 puntos ou fracción equivalente, en caso de períodos inferiores..
- Por cada ano de experiencia en asistencia na empresa privada como psicólogo/a a drogo dependentes 0,25 puntos ou fracción equivalente.
- Por cada ano de experiencia como psicólogo/a clínico/a, en calquera outra especialidade distinta de drogo dependencia, tanto na empresa privada como na pública, 0,15 puntos ou fracción equivalente.

A puntuación máxima que se poderá acadar nesta fase será de 6 puntos.

Os méritos alegados polos aspirantes deberán acreditarse do seguinte xeito:

-Os servizos prestados nas Administracións públicas, mediante certificación expedida pola autoridade ou funcionario competente, que reflicta que o aspirante, durante a prestación dos servizos estaba integrado nun corpo, escala, subescala, ou categoría, pertencentes ó SubGrupo A1 ou 1, así como, certificado de vida laboral.

-Os servizos prestados en empresa privadas, acreditaranse mediante presentación do modelo oficial de vida laboral e os documentos orixinais ou copias compulsadas dos contratos acreditativos da relación laboral do aspirante, así como, certificado de vida laboral.

**En todo caso o aspirante deberá acreditar as funcións ou tarefas que desempeñaba.**

**Formación:**

- Cursos cunha duración igual ou superior a 300 horas relacionados coa Psicoloxía Clínica Aplicada, Prevención ou Tratamento todo relacionado coa Drogo dependencia 1 punto
- Cursos cunha duración de 200 a 300 horas relacionados coa Psicoloxía Clínica Aplicada ou Prevención ou Tratamento todo relacionado coa Drogo dependencia 0,80 puntos
- Cursos cunha duración de 100 a 200 horas relacionados coa Psicoloxía Clínica Aplicada ou Prevención ou Tratamento todo relacionado coa Drogo dependencia 0,60 puntos
- Cursos cunha duración de 100 a 75 horas relacionados coa Psicoloxía Clínica Aplicada ou Prevención ou Tratamento todo relacionado coa Drogo dependencia 0,40 puntos
- Cursos cunha duración de igual ou inferior a 75 horas relacionados coa Psicoloxía Clínica Aplicada ou Prevención ou Tratamento todo relacionado coa Drogo dependencia 0,20 puntos

A puntuación máxima que se poderá acadar nesta fase será de 2,55 puntos.

**Outros méritos:**

- Pola participación como relator/a **ou presentación de comunicacións/ posters** en congresos, conferencias, ou cursos de formación que teñan relación coas funcións da praza a cubrir, a razón de 0,15 puntos por cada un.
- Impartición de cursos de formación que teñan relación coas funcións da praza a cubrir, a razón de 0,15 puntos por cada un.

A puntuación máxima que se poderá acadar nesta fase será de 0,45 puntos.

**Coñecemento do idioma Galego:**

Consistirá, a elección do tribunal co asesoramento da Área de normalización lingüística, na redacción dun informe, texto ou nun ditado en relación coas funcións do posto durante un tempo máximo de 30 minutos. O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización do exercicio. Neste exercicio valorarase a corrección gramatical e estilística, así como o emprego dun léxico adecuado ao tema exposto.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a un (1) punto.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, polo que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos que se lle asignarán un (1) punto.

**VII- LISTA DE RESERVA.**

Todos os aspirantes que cumpran os requisitos dos puntos V das presentes bases, incluíranse nunha lista durante o período 2.015 - 2.018, para cubrir a vacante temporal que no posto de psicólogo/a do I.M. de Drogodependencia se poida dar.

Cando sexa necesario proceder o chamamento para cubrir a praza vacante, ofertarase ao primeiro da lista que estea pendente de chamar por orde de mellor puntuación.

Cando un dos aspirantes incluído na lista fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado novamente para outra contratación, agás que renuncie expresamente á súa incorporación.

### **VIII-PRESENTACION DE SOLICITUDES**

Os que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ó Sr. Alcalde -Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ó modelo que figura ó final destas bases (Anexo I).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 38 da Lei de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de dez (10) días naturais dende o día seguinte da publicación da convocatoria no diario EL Progreso.

A solicitude acompañase inescusablemente de fotocopia do DNI en vigor, ou pasaporte do aspirante, dos documentos acreditativos dos méritos que se aleguen para a súa valoración na fase de concurso dacordo co establecido no punto VI destas bases.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias. Publicarase no taboleiro de anuncios do Concello a lista de admitidos e excluídos, indicando a causa de exclusión, concedéndose un prazo de dous (2) días naturais a contar dende o seguinte a publicación, para que subsanen os posibles defectos ou omisións na documentación presentada. De non existir aspirantes excluídos, o Alcalde – Presidente poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación. Igualmente se publicará no taboleiro do Concello as datas, lugar e resultados das probas que se realicen, así como todos os anuncios derivados da convocatoria.

Para calquera aclaración ou información adicional os interesados poderá poñerse en contacto co teléfono 982 416540.

### **IX-TRIBUNAL**

A composición do tribunal será consonte o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño.

Todos os membros do tribunal deberán ter titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando neles concorran circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando se dean calquera das citadas circunstancias.

Os tribunais non se poderán constituír nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, debendo estar presente en todo caso, o/a Presidente/a e o/a Secretario/a ou quen legalmente os substitúa.

O tribunal poderá dispo-la incorporación ós seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os citados asesores limitaranse a presta-la súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Asemade, o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal e para os efectos de percepción de asistencias clasificaranse consonte ó disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razón de servizo.

O tribunal adoptará os seus acordos por maioría dos membros presentes en cada sesión. En caso de empate resolverá o presidente co seu voto.

As cualificacións responderán á media de puntuación outorgada polos membros do tribunal, no podendo haber unha de diferenza de máis de dous puntos entre a máxima puntuación e a mínima.

O tribunal na súa actuación axustarase ao establecido nas presentes bases; no non disposto, seralle de aplicación a normativa prevista para a formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na lei 30/1992 do 26 de novembro como na demais normativa de aplicación.

#### **X-PERIDO DE PROBA**

Una vez iniciados os traballos, fíxase un período de proba de quince días para o traballador.

#### **XI.-INTERPRETACIÓN**

Para calquera dúbida que xurda na interpretación destas bases e no desenrolo das probas correspondentes estarase ó que decida o Tribunal por maioría de votos.

#### **XII-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS**

O aspirante proposto para o seu nomeamento, nun prazo de cinco (5) días naturais, contados a partir do día seguinte ó da recepción da oportuna notificación presentará no rexistro de documentos do Concello de Monforte de Lemos a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI en vigor.
- Copia autenticada do título esixido ou certificación académica de estudos realizados, con xustificante do abono dos dereitos para a súa expedición.
- Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que lle incapacite para o desenvolvemento do posto de traballo de que se trata.
- Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

#### **XIII. - RECURSOS ADMINISTRATIVOS E XURÍDICOS:**

As Bases da convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 30/92, de 26 de novembro de réxime xurídico común, modificada pola Lei 4/99.

Así mesmo a Administración Municipal poderá, no seu caso, revisa-las resolucións do tribunal conforme ó previsto na citada Lei 30/1992, de 26 de novembro.

ANEXO I.- SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO DA CONVOCATORIA PUBLICADA NO ..... NA DATA .....

I.- DATOS DA PRAZA QUE SOLICITO:

DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO:

.....

II. DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI:	TELÉFONO PARTICULAR: MÓBIL:	
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	MUNICIPIO E PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

EXPOÑO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder de 65 anos.
- Estar en posesión do título académico de ..... esixido na base cuarta do bases específicas da convocatoria ou en condicións de obtelo na data na que termine o prazo de presentación de instancias.
- Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións e tarefas do posto/praza á que aspira.
- Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

Así mesmo, manifesto que me foi recoñecida unha minusvalía polo que solicito a adaptación que se adxunta polos motivos que se expresan. (En folio aparte especificar os motivos da minusvalía e a adaptacións que solicita).

SOLICITO:

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente.

....., a..... de.....de .....

(Asinado)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS